




CONCELLO DE MUROS



Muros  
Núcleo de  
Sostibilidade

**D. DOMINGOS DOSIL CUBELO**, alcalde – presidente do Concello de Muros en virtude da representación legal que lle confire a normativa de réxime local

### DECLARA

A explotación insostible dos recursos pode conducir a danos ambientais irreparables e a situacións irreversibles, polo que para paliar este deterioro ambiental consecuencia directa dos actuais modelos de desenvolvemento, é preciso comprometerse cos obxectivos do concepto de desenvolvemento sostible, é dicir, as necesidades do presente deben ser satisfeitas sen comprometer as das xeracións futuras.


É necesario fomentar e desenvolver en profundidade, dentro do noso concello, o desenvolvemento sostible de acordo cos obxectivos programados na Axenda 21 local.

É fundamental desenvolver un Plan de Acción a longo prazo co obxecto de acadar un desenvolvemento sostible a todos os niveis: económico, social, cultural e ambiental, no propio Concello.

É preciso desenvolver unha política municipal encamiñada a acadar a sustentabilidade, que garanta un compromiso de acción do propio Concello e permita afondar no planeamento de temas ambientais de carácter municipal, é dicir, realizar a integración dos aspectos ambientais nas políticas e disposicións do goberno municipal.

A integración dos aspectos ambientais no proceso da formulación de políticas, significa algo máis que considerar o ambiente como un factor, xa que é preciso integrar de maneira coherente e efectiva consideracións económicas, sociais e ambientais nos procesos da toma de decisións.

Muros, 31 de xullo de 2008



Asdo. Domingos Dosil Cubelo.